



EXCMO. CONCELLO
DE
TUI

ADMINISTRACIÓN LOCAL
Municipal
TUI
Persoal oposicións

PROCESOS DE SELECCIÓN PARA NOMEAMENTO INTERINO DE TÉCNICO DE XESTIÓN CON LISTA DE RESERVA E PARA FORMACIÓN DE LISTA DE RESERVA DE NOMEAMENTOS INTERINOS DE ARQUITECTO.

1.- CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS PARA A COBERTURA INTERINA DA PRAZA DE TÉCNICO DE XESTIÓN GRUPO A, SUBGRUPO A-2 E CONSTITUCIÓN DE LISTA DE RESERVA, PROCESO EXPEDIENTE 406/2020.

Con data 17/03/2020, aprobáronse, por Resolución da Concellería delegada de persoal, as Bases de selección para a cobertura interina da praza de técnico de xestión, grupo A, subgrupo A-2 e constitución de lista de reserva.

2.- CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS PARA FORMACIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS DE ARQUITECTO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, ENCADRADAS NO GRUPO A, SUBGRUPO A-1, PROCESO EXPEDIENTE 230/2020.

Con data 03/07/2020, aprobáronse, por Resolución da Concellería delegada de persoal, as Bases de selección para formación dunha lista de reserva para prazas de arquitecto, grupo a, subgrupo A-1.

As instancias polas que se solicita formar parte en cada proceso selectivo, dirixiranse ó alcalde do Concello, e poderán presentarse por calquera medio previsto no artigo 16.4º da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **dez días naturais**, contados dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín oficial da provincia de Pontevedra

As bases íntegras, publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Tui (<http://concellotui.sedelectronica.gal>) e na súa páxina web, www.tui.gal.

O Concelleiro delegado de persoal, José Ramón Magán Rivera.
Tui, á data da sinatura dixital á marxe.



Cod | Validación: 77N2KGZQWA9LJQD6ZX63DTENA | Corrección: <https://concellotui.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1